

DECRETO DA ALCALDÍA 45/10

- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 14/1/2010 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación da suscripción dun convenio de asociación para a prestación do servizo de mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social do Concello de Vilaboa mediante procedemento negociado sen publicidade, asimesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

- Visto que con datas de 27/1/2010 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación, realizou proposta de adxudicación a favor de Fremap Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social nº 61

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Declarar válido o acto de licitación.

TERCEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de suscripción dun convenio de asociación para a prestación do servizo de mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da seguridade social do Concello de Vilaboa a Fremap Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social nº 61 de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións estabrecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

- Rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados en exclusividade da mutua na provincia de Pontevedra.
- Asistencia 24 horas en servizos de urxencias.
- Actividades de promoción da saúde dos traballadores e readaptación profesional a cargo da mutua en caso de accidentes grave.
- Asesores propostos pola Mutua.

CARTO. Notificar a adxudicación provisional á mercantil interesada.

QUINTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no perfil de contratante do Concello de Vilaboa.

SEXTO. Condicionar a eficacia da presente Resolución á tramitación da nova proposta de asociación por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Faise constar que no caso de que non sexa posible a tramitación do novo convenio de asociación a presente adxudicación non se elevará a definitiva.

SÉTIMO. Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 8 de febreiro de 2010
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez